

Candidado do BNG á alcaldía da Estrada

Carta Aberta de Manuel Rendo

Benquerido/a veciño/a:

O próximo 28 de maio os e as estradenses poderemos elixir aos nosos e ás nosas representantes no Concello por un período de 4 anos. Como ben saberás, o meu nome encabeza a lista do Bloque Nacionalista Galego a estes comicios locais. Na súa elaboración combinamos diferentes criterios que puidesen

integrar varios aspectos considerados de grande importancia: en primeiro lugar, quixemos que nos postos de saída figurasen persoas que, pola súa formación, experiencia e traballo na política e no nacionalismo, ben como polas súas posibilidades de dedicación ao Concello, puidesen conformar un sólido e eficiente Goberno Local. En segundo lugar, quixemos incluír nelas os diferentes sectores sócio-

acadar unha democratización real das formas de gobernar, fronte ao clientelismo, amiguismo e enchufismo que xunto coa súa fasquia autoritaria e personalista caracterizaron ao goberno de Ramón Campos; e en terceiro lugar, facer do rigor e do estricto cumprimento da legalidade exercicio cotián, sabedores de que o noso fin último é o de defender e xestionar eficazmente os intereses xerais de toda

92, demostrando que hai alternativa esperanzadora a tantos anos de xestión desastrosa da dereita estradense. Nesta coxuntura, o BNG revela-se como unha forza integradora que coordinará a súa xestión municipal co labor no Parlamento e a presenza na rua xunto aos veciños e veciñas, as asociacións de base, os axentes sociais e, en definitiva, alá onde se deci-

BENEGÁ

VOCEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
A ESTRADA - NÚMERO 6 - MAIO 95

ESPECIAL
ELEIÇÕES
MUNICIPAIS

MITIN
CENTRAL

XOVES
25
MAIO
Ás 9 da noite

Pazo de Congressos
e Exposicións




BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Rua Fermin Bouza Brei, Nº 13, 1º
36680 - A Estrada
Horario de Atención aos veciños
De Luns a Venres de 10,30 a 13'30

económicos da Estrada, para que estes puidesen ter unha voz no Concello: traballadores autónomos, comerciantes, traballadores por conta allea, ensinantes, labregos, hostaleiros, empregados do sector servizos, etc. Así mesmo, non nos esquezemos de que estivesen presentes dous sectores sociais cunha problemática moi específica como son a muller e a mocidade. Po último, tentamos acadar un equilibrio entre a representación urbana e a rural, asegurando-nos de que se inclúsen todas as zonas xeográficas do noso Concello.

Cunha equipa de traballo como esta, e contando coa nosa experiencia de dedicación á política local, tanto desde o goberno como desde a oposición, estamos nunhas óptimas condicións para representar unha verdadeira alternativa de goberno para A Estrada, combinando a eficacia da xestión cunha nova forma participativa e integradora de gobernar. A equipa de goberno que eu encabezarei ha ter como obxectivos prioritarios, en primeiro lugar sanear a desastrosa xestión que dos cartos públicos fixo o PP (do que herdaremos un endebedamento asfixiante coa conseguinte incapacidade de investimento) á fin de facer da xestión municipal motor que impulse o relanzamento da actividade económica da Estrada como vila comercial e de servizos, centro dunha ampla comarca, xunto cunha defensa tenaz dos sectores económicos máis importantes da mesma: agricultura, gandería, produción forestal, comercio, construción, etc; dar entrada á participación dos veciños e veciñas na xestión municipal e na toma de decisións para



a cidadanía para así poder poñer fin á actitude da dereita, que neste tres últimos anos deu un bon exemplo de como se poñen intereses particulares por riba do ben común (escándalos da construción, facturas falsas, etc).

A nosa presenza no goberno municipal durante o primeiro ano do cuatrienio que agora remata dá boa conta de que é posíbel levar adiante propostas como as que expomos máis adiante no noso programa. Non pretendemos, pois, aventurarnos a lanzar ideas irrealizábeis, senón afondar na xestión que fixemos entre o 91 e o


dan ou se reclamen cuestións decisivas para o interese xeral; unha forza que é consciente que traballando arreo e con eficacia nos concellos, traballamos á vez na construción e dignificación do noso país.

Animo-te, pois, a que o día 28 de maio apostes pola opción que pode facer realidade o que todos os estradenses e as estradenses queremos, **O Mellor para A Estrada.**

Manuel Rendo Lema
Candidado á Alcaldía da Estrada.

Presuposto 95: Epílogo dunha desastrosa xestión

Os presupostos do Concello da Estrada para o ano 1995 continúan e acenúan a tendencia marcada polo PP nos anos que leva á fronte do Goberno, caracterizada por un medre galopante do endebedamento, xustificando na necesidade de realizar investimentos (para así poderen manter o nivel acadado polo goberno PSOE-BNG), o que xera un efecto contrario, xa que a carga financeira derivada neutraliza o aforro neto, reducindo a capacidade de investir a cargo dos fondos propios do Concello, ben como a capacidade de endebedamento, ao non poder asumir o incremento da carga financeira (os gastos correntes non poden superar aos ingresos correntes). Para comprobá-lo, abonda con analizar o seguinte cadro no que o aforro neto e a cantidade dispoñible para investimentos é igual á diferenza entre os ingresos correntes e os gastos correntes.



O PP non foi capaz até hoxe de poñer a funcionar as depuradoras. ¿Conseguirán agora arranxalas cos puntais?

ben inflar o presuposto de ingresos en cantidade por enriba

(subhasta, oferta pública) que permitirían acadar prezos máis vantaxosos para o Concello; optou-se por aumentar o persoal en vez de organizar a plantilla, cunha distribución máis concreta e eficaz dos traballos e responsabilidades (din que iso xa está pasado de moda), e, por último, non conseguiron mellorar a xestión municipal mais medraron-lle os gastos, e agora albiscan como solución milagreira a privatización dos servizos sen teren en conta que suporía un maior custo xa que a este habería que engadir-lle o beneficio empresarial máis os salarios do persoal de servizos, quen seguirían cobrando sen que o seu traballo xenerase ingresos ao Concello.

Agora ben, se este goberno foi incapaz de aplicar unha política de contención do gasto, ¿Que saída lle queda? A máis fácil, subir as taxas e impostos como xa fixeron o ano pasado (rede de sumidoiros, auga, recollida de lixo, circulación de vehículos, etc) aínda que este ano non se atreven a facé-lo por motivos electorais. Mais tamén existe outra vía de financiamento que consiste na aportación de outras institucións aos programas municipais de inversión, o cal é necesario analizar para rematar coa falacia dos argumentos do actual alcalde cando di que trae

moitos cartos de fóra. No seguinte cadro pode-se comprobar que entre o que din e a realidade hai unha diferenza abismal:

(isto é, da existencia de aforro neto).

O BNG non pode aceptar a política desenvolvida polo PP é só acredita nos criterios de contención do gasto e eficacia na xestión establecidos polo goberno no que nós participamos, que, como demostran

	92	93	94	95	92-95	%
Endebedamento	248	411	557	639	+319	+157%
Carga financ.	61	69	92	101	+40	+65%
Aforro neto	52	43	15	4	-48	-92%
Investimentos	495	291	384	239	-256	-51%

Notas ao cadro:
1- As cantidades expresadas corresponden a millóns.
2- Ano 92: Goberno PSOE-BNG
Anos 93, 94 e 95: Goberno do PP

O balance que se pode facer da xestión económica do PP é, xa que logo, moi negativo pois esta pon ao Concello nunha situación crítica que xa se daba o ano pasado e que se tratou de solventar coa renegociación da débeda, reducindo as cotas de amortización a cambio de ampliar os prazos e aproveitando tamén a baixa de intereses, o que, unido ao retraso na concertación dos créditos (contratados ao remate do ano) co fin de retrasar o inicio do pagamento das cotas correspondentes, permite-lles pechar o exercicio cun aforro neto de 2.169.00 pts que resulta inferior en 13 millóns ao previsto inicialmente. Mais estas medidas representan unha solución xa esgotada e, neste ano, para poderen acadar a nivelación presupostaria esixida na Lei de Facendas Locais, teñen que recorrer a outras como non incluír no orzamento gastos xa comprometidos (subvención da Radio Municipal e intereses dun crédito de 53 millóns) por un importe de 5.071.972 pts, o cal supera o aforro neto resultante nos orzamentos presentados, ou

da capacidade de recadación do Concello (Imposto de Bens Inmóbeis incrementado nun 43,4%, cando a suba autorizada na Lei de Presupostos do Estado é do 3,5%).

Se a todo isto lle engadimos que o endebedamento correspondente a este ano (123 millóns de pesetas) supón un aumento da carga financeira, e en consecuencia dos gastos correntes para o ano 1996 de 21 millóns de pesetas, **podemos concluir que os tres anos de goberno do PP levaron ao concello a unha situación, a nivel económico, máis que preocupante caótica** da que para poder saír só hai dous camiños: 1º) Contención do gasto mellorando a xestión dos servizos para acadar unha maior eficacia no seu funcionamento, 2º) Incrementar os ingresos mediante a suba de taxas e impostos. A primeira solución non é precisamente a que segue o PP, xa que nunca se aplicou unha política eficaz de contención do gasto: adxudicaron-se os contratos de obras e subministros por contratación directa en lugar de utilizar outros sistemas

APORTACIÓN DOUTRAS INSTITUCIÓNS

(expresadas en millóns)

	92	93	94	95
Estado	59.5	6.2	17.5	7.9
Deputación	56.3	1	101	59.3 ⁽¹⁾
Xunta-CEE	37.7	14.5	16.4	27.7
TOTAL	156.6	21.8	135	95

(1) Cantidad que figura no Presuposto, dos que 51 millóns proceden do CAE. Plano do que posteriormente a Deputación excluiu ao Concello da Estrada.

A realidade é que as transferencias de capital doutras institucións dependen da presentación de programas de investimentos realizables e da capacidade económica do Concello para facer fronte á parte que lle corresponde no financiamento dos mesmos


os datos presentados, marcou un fito histórico na Estrada ao se mudaren as formas de actuar, imprimindo unha nova dinámica á xestión municipal e que foi estrangulada pola moción de censura presentada polo PP, da que naceu un goberno que á hora de se presentar ante os cidadáns só pode facer figurar no seu activo a execución do programa de investimentos (obras a realizar e financiamento) deseñado polo BNG. Mentres, este goberno esconde o pasivo, razón pola cal nós quixemos expó-lo nesta análise, para que cada cidadán antes de emitir o seu voto valore os datos e teña coñecemento da realidade e do que todos nos xogamos nas próximas eleccións municipais e actue en consecuencia.

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA (PONTEVEDRA)		
PLAN PLURIANUAL DE INVER.		
PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (P.O.S.)		
Nº OBRA	DENOMINACIÓN DA OBRA	PPTO. TOTAL
ANO 1995		
1/95	Saneamento, alumbrado e auga en Travesía de Vea, Travesía da Igrexa e Cruceiro.	34.215.730
ANO 1996		
1/96	Saneamento, alumbrado e auga rúa nº 4 (Camiño de Penerada)	23.232.000
2/96	Saneamento, alumbrado e auga na Rúa Decoita (Nº 21).	19.008.000
ANO 1997		
1/97	Parque público na Praza Martínez Anido.	20.471.932
2/97	Saneamento, alumbrado e auga na Travesía do Panariño.	16.320.000
ANO 1998		
1/98	Saneamento, alumbrado e auga na Prolongación da Rúa da Cultura e Acceso ó Pavillón de Exposicións.	30.639.519

POS: Este é o Plano de Obras e servizos que aprobou o PP para o período 95-98. Seguirán dicindo que son eles os que promoven a apertura de novas rúas

PROGRAMA ELEIÇÕES MUNICIPAIS 1995

A Estrada



Programa de actuación económica: O Matadoiro da Estrada posto en marcha polo Goberno no que estivo o BNG a pesar da oposición do PP

PROGRAMA DE ACTUACIÓN ECONÓMICA

O BNG considera que o Concello non pode reducirse a ser unicamente un xestor de servizos e comprométese á utilización da institución municipal como promotora da criazón de emprego, fixándose como obxectivo prioritario o relanzamento da economía da comarca, actuando como axente dinamizador da mesma nun marco de desenvolvemento harmónico, mantendo un equilibrio e unha interrelación entre os distintos sectores económicos: produción de materias primas, transformación industrial e comercialización. Condicións estas que non se dan no país e menos na Estrada. A produción agraria carece de industrias de transformación, a industria do móbel vese privada da utilización dos nosos montes como produtores de materia prima e o comercio (sobre todo en móbels e agroalimentación) cumpre a función de introducir de produtos foráneos.

Para conseguir estes obxectivos, propomos:

-A **criazón dunha Axencia Municipal de Desenvolvemento** ligada á realidade comarcal e participada por todos os sectores económicos (organizacións empresariais, cooperativas agrarias e sindicatos obreiros e do agro) dotada do persoal técnico que asesore e xestione temas económicos, formativos, de mercado, captación de inversións, etc.

-**Elaboración de Planos Municipais de Promoción Económica** que sirvan para ligar proxectos de formación (Escolas-Obradoiro, Formación Ocupacional, etc) con programas de novo emprego orientados cara a unha explotación racional dos recursos autóctonos e a actividades de carácter ecolóxico e de defensa medioambiental (reciclado de residuos, limpeza e repovoación dos montes, aproveitamento da biomasa, etc.).

-**Promoción dos «traballos por administración» para obras de infra-**

estrutura municipal que signifiquen a promoción de emprego local orientado principalmente aos traballadores xóvenes saídos das escolas de formación, como meio de adquirir experiencia cara á súa posterior integración laboral, e aos parados que pola súa idade teñen dificultades para a súa reincorporación á actividade produtiva.

-**Apoio á criazón de novas Industrias**, ofertándolle a colaboración dos servizos técnicos da Axencia Municipal de Desenvolvemento, ben como habilitando solo industrial dotado de servizos a prezo de custe.

Ademais, o BNG promoverá medidas que incidan no relanzamento e consolidación dos sectores básicos da economía estradense: construción, comercio, agro e industria do móbel, adicando os Planos de Investimentos a actuacións que incidan positivamente sobre eles:

-**CONSTRUCCIÓN:** Continuar na liña de **apertura de novas ruas** que iniciamos na etapa de goberno e que xa deu o seu froito: máis solo urbanizábel, novas construcións e máis emprego.

-**COMERCIO:** O BNG potenciará a **vila como centro comercial e de servizos**, cabeceira de toda a comarca, como alternativa ás grandes superficies comerciais e á masificación das cidades. Para iso, levaremos a cabo as actuacións que propuxemos na elaboración do Plano Xeral de Ordenamento Urbano: solicitar a mellora das vías de comunicación que nos unen cos concellos e comarcas limítrofes, mellora das vías de comunicación das parroquias cara á vila, e, en definitiva, facer do centro urbano un espazo agradable, de fácil acceso e con amplos aparcadoiros que o fagan atractivo como lugar para visitar e facer compras.

-**AGRO:** O BNG sempre apostou polo relanzamento dun dos sectores claves da nosa economía comarcal e nacional como é o agro. Neste sentido a posta en marcha do Matadoiro Municipal foi unha proposta do noso programa electoral de hai catro anos que despois levamos a cabo no goberno municipal (cómpre salientar que este

foi o único proxecto industrial desenvolvido por un goberno municipal até agora). Sen embargo, o PP non logrou acadar a integración entre a industria e a produción cárnica da comarca, recollida nas bases de adxudicación do matadoiro.

-O BNG fíxase pois como obxectivo **conseguir a integración e apoiar as iniciativas de recria de gando** cara a acadar unha produción que cubra a demanda do matadoiro.

-Desde o Goberno Municipal apoiaremos e promoveremos **actuacións en contra da limitación de produción agraria**, especialmente do leite.

-Colaboraremos no **estabelecimento de canles de comercialización dos produtos agrarios ben como na criazón de industrias agro-alimentarias** que elaboren os nosos produtos.

MONTES: A rendabilidade dos montes, importante fonte de riqueza, é mínima por culpa dos incendios forestais e a falta dun ordenamento na súa explotación. Por iso o BNG vai realzar:

-**Redación dun Plano Comarcal de Desenvolvemento do Patrimonio Forestal**, no que se contemple a elaboración dun mapa forestal determinando tipos de solo e especies silvícolas adaptábeis aos mesmos, situación dos cortalumes, niveis de erosión, etc.

-**Criazón dun Viveiro Municipal**, orientando a repovoación cara á produción de madeiras nobres para a súa utilización como materia prima na industria do móbel.

-**Incentivar a limpeza dos montes** e aproveitar a biomasa con fins enerxéticos.

-**Solicitar a concentración parcelaria dos montes**, tomando medidas que impidan que na súa execución se permita a deforestación dos montes concentrados.

INDUSTRIA DO MÓBEL: Para afrontar a competencia exterior é necesario unha reestruturación na produción, ofrecendo un produto diferenciado con identidade propia (deseño, madeira, etc); rebaixar custos (aumentando a produción, cooperativizando etapas de produción e de comercialización); diversificar a oferta (móbel funcional e de serie ademais do artesanal); abrir mercado, tanto local canto exterior: hoxe o comercio da Estrada introduce mercado de fóra, cando debería ser a vía de comercialización da produción propia. Para iso haberá que:

-**Reorientar a Feira do Móbel**, facendo da mesma un escaparate da produción da Estrada e de Galiza, procurando que sexa un lugar de encontro de produtores (expositores) e comerciais e distribuidores do móbel, que potencie a contratación e faga rendíbel aos expositores a participación na feira, facendo unha valoración e

seguimento do volume de vendas e da incidencia na economía local e no mercado de traballo, en vez da orientación festeira e folclórica que ten actualmente, e, o que é peor, introducindo no mercado galego móbel fabricado fóra.

FACENDA E POLÍTICA IMPOSITIVA

O BNG entende que o modelo fiscal deseñado pola Lei 39/1988 amósase fracasado, particularmente na súa aplicación á nación galega. O predomínio de criterios de povoación no reparto dos fondos públicos deviron nos últimos anos nun agravamento da insuficiencia financeira dos concellos que é necesario corrixir, polo que imos promover desde as administracións locais a elaboración dunha Lei de Financiamento dos Concellos Galegos co obxecto de que as cantidades de reparto se incrementen, ben como a modificación das variábeis de distribución destes recursos para que se teña en conta a dispersión da povoación e a renda per cápita existente no Concello.

Á espera de logramos estes obxectivos, o BNG, como meio de solventar a grave situación económica na que se encontra o Concello, pronunciarase a favor dunha política económica que administre mellor os recursos municipais, reduza o gasto e mellore a xestión con medidas como:

-Organización do traballo, cara a acadar **mellorar o rendimento da plantilla de persoal**.

-Aplicación de **planos de aforro enerxético**.

-**Contratación de obras e subministros por meio de ofertas públicas**.

-**Actualización de taxas e impostos en función da suba do IPC**.

-**Actualización dos padróns impositivos**.


-**Actuacións que incidan na recuperación económica da comarca**, que, en contrapartida, aumenten os ingresos do Concello.

-**Lograr un nivel de investimento** no que, como mínimo, a aportación municipal se sitúe no 20% dos ingresos correntes do Concello.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Un dos eixes fundamentais da acción de goberno municipal nacionalista no noso Concello vai ser a da incorporación, por meio da información e da participación, da voz dos cidadáns e cidadás na toma de decisións e na xestión municipal.

Se de verdade se quere conseguir a democratización da institución municipal hai que facela transparente



Participación Cidadán: O BNG fará do Concello a Casa de todos os Estradenses e non a propiedade privada do PP tal como hoxe é

nos seus actos e decisións, para podermos resolver con eficacia todas as necesidades dun xeito equitativo, solidario e participativo, fronte á tendencia clientelista, oscurantista e autoritaria que amosou o goberno do PP na Estrada. A verdadeira democratización da vida municipal nun sentido dinámico e non formalista pasa pois por dar entrada á participación viciñal como via indispensable para racharmos os resortes do caciquismo que a dereita tan ben manexa.

Para conseguirmos estes obxectivos de participación democrática viciñal, o BNG propondrá a elaboración dun:

-Regulamento de Participación Cidadá, no que se recoñecerán os dereitos dos cidadáns e cidadás e das entidades que os aglutinan e nas cais se organizan (asociacións viciñais, entidades deportivas, culturais, sindicais, profesionais, empresariais, etc) e que permitirá establecer os mecanismos e procedimentos de **información e participación** dos viciños e entidades cidadás na xestión municipal, consonte a lexislación vixente.

Por medio do devandito regulamento o goberno local poderá atinxir os obxectivos básicos da proposta de participación democrática:

-Fomentar a organización social, mediante un proxecto de fomento do asociacionismo cidadán.

-Informar á cidadanía de calquera decisión municipal a fin de que teña unha visión global das actividades municipais, achegando as institucións municipais aos cidadáns e cidadás.

-Facilitar e promover a iniciativa e participación dos viciños e viciñas e das entidades cidadás na xestión municipal e nos seus diferentes órganos colexiados (Comisións informativas, comisións de goberno, plenos, etc.)

Para conseguir estes obxectivos, o Regulamento de Participación Cidadá recollerá as seguintes accións e meca-

-Información aos viciños e viciñas da xestión municipal, facilitando o acceso á documentación (informes, expedientes, actas, etc), recollendo as iniciativas viciñais e coordinando os distintos departamentos municipais para facilitar este labor.

-Creación de órganos específicos de participación cidadá e de control e seguimento da política municipal:


***Concellos Municipais Sectoriais**, un por cada área ou sector de actuación municipal: urbanismo, saúde, cultura, escola, deporte, seguridade, económico-social, benestar social, muller, mocidade, medio ambiente, etc. Todos eles estarán dotados dun regulamento propio e terán un carácter consultivo e de asesoramento á Corporación ben como de control e seguimento da política municipal.

***Concellos Territoriais Parroquiais**, órganos desconcentrados de xestión e canles de participación e expresión dos intereses das parroquias do rural. Para o BNG, a integración e democratización do rural no Concello da Estrada é unha necesidade urxente, tendo en conta que a súa poboación representa a maioría do total do municipio e sen embargo non conta cos canles necesarios para a súa participación democrática na vida municipal, sendo a súa única voz a do cacique de turno quen, á súa vez, representa un papel fundamental no tecido da rede clientelar e amiguista que caracteriza ós gobernos do PP. Estes Concellos Parroquiais informarán, elaborarán estudos de actuacións necesarias, participarán na xestión das instalacións parroquiais, aprobarán as súas contas de gastos, etc. En definitiva, constituirán verdadeiros órganos de participación democrática viciñais na xestión municipal da parroquia á que representan.

***Consello Municipal do Rural**, conformado polos

representantes do Concello e dos Consellos Parroquiais, tendo como finalidade a elaboración dunha memoria sobre a situación e necesidades do rural, a proposta dun plano de actuación ben como dun proxecto de investimentos e o seguimento das realizacións, entre outras funcións.

-Participación viciñal nos organismos autónomos, empresas e servizos municipais, contemplando a participación das entidades cidadás mediante os seus representantes, cos mesmos dereitos e deberes que os demais membros do organismo.



O PP esta a protagonizar unha acción especulativa a nivel urbanístico que pode ter consecuencias desastrosas no futuro da Estrada

URBANISMO, VIVENDA E COMUNICACIÓNS

URBANISMO

O urbanismo débese utilizar nun concello para determinar os diferentes usos do chan en base a un proxecto global de municipio que posibilite o desenvolvemento harmónico a través da utilización racional dos seus recursos.

Cómpre fuxir, portanto, do urbanismo como argumento para dar satisfacción a intereses gremiais e insolidarios que en nome do falso progreso destruíron cidades, vilas e aldeas.

Nestes momentos, o Concello da Estrada está inmerso no proceso de redacción dun novo Plano Xeral de Ordenamento Urbano (PXOU) actualmente en estado de avance. O BNG, sendo consciente da necesidade e urxencia de rematar coa redacción do PXOU co fin de acabar coas actuacións arbitrarias dalgúns promotores amparados na complicidade do Goberno Municipal e nunhas Normas Urbanísticas Municipais obsoletas e pouco precisas, fíxase como obxectivo prioritario dinamizar

a elaboración e tramitación do PXOU que até agora foi retrasado polo PP, en función de escuros intereses, para que sirva de marco para o desenvolvemento urbanístico da Estrada e que, sen esquecer os intereses individuais dos viciños, resolva fundamentalmente os problemas colectivos, tendo en conta o carácter da vila como centro comercial e de servizos da comarca, incluíndo a totalidade do territorio municipal a partir do coñecemento socio-económico e o respecto aos valores naturais e históricos, como fonte de desenvolvemento económico. Ademais,

proponemos:

-A reestruturación da Oficina Técnica de Urbanismo para que teña capacidade de xestión e control do cumprimento do PXOU.

-Deseñar un Plano Plurianual de Investimentos para realizar as propostas de actuación recollidas no PXOU, sendo obxectivos prioritarios as propostas presentadas polo BNG:

a) Construción dunha **nova via lonxitudinal**, desde As Colónias até O Pedregal, como alternativa ás dúas existentes: rua Principal e Avda de Benito Vigo.

b) **Dous novos accesos á vila desde a estrada de Forcarei** e outro desde a estrada de Santiago.

c) **Catro prazas ou zonas de aparcamento** no entorno do centro urbano.

-Elaboración dun Plano Plurianual para o Saneamento dos Núcleos Rurais, na orde da súa importancia e poboación.

VIVENDA

O fracaso do Plano Cuatrienal de Vivenda da Xunta, ben como o incumprimento de todos os convénios asinados entre a COTOP e algúns Concellos evidencian a caréncia absoluta de obxectivos en materia de vivenda por parte da Administración Autonómica, que non sexan os meramente propagandísticos e clientelares.

O BNG defenderá unha política concertada Xunta/Concello cos seguintes obxectivos:

-Intervención no mercado de alugueres para evitar a especulación mediante a creación dun Parque Público de Vivendas de Aluguer.

-Incrementar a construción de vivendas de Protección Oficial e de Promoción Pública, dirixidas fundamentalmente a xóvenes, pensionistas e persoas de menos recursos económicos.

-Elaborar políticas de apoio ao acceso a vivendas de P.O. a persoas sen recursos suficientes, mediante acordos coas Consellarias correspondentes na materia.

-Axudas á rehabilitación tanto para uso propio como para venda ou aluguer.

-Axudas á construción de VPO en réxime de cooperativas.

-Promover planos específicos de construción e rehabilitación de vivendas no rural, garantindo sempre o seu axuste a materiais e tipoloxía tradicional galega.

O BNG entende que o Decreto 98/1982 do 26 de Marzo, que regula a adjudicación de Vivendas de Promoción Pública, non garante o acceso á vivenda dos sectores máis necesitados. Polo que se propondrá desde o Concello ao Goberno Galego:

-A reforma do Decreto de adjudicación de vivendas de Promoción Pública garantindo a transparencia das baremacións e adjudicacións e o control cidadán dos mesmos, aplicando un novo sistema de baremación máis xusto que contemple solucións alternativas de acceso á vivenda daqueles solicitantes que non cheguen a un mínimo de ingresos.

-Control sobre as vivendas adjudicadas co fin de evitar fraudes na ocupación das mesmas.

-Creación de organismos estabéis de relación IGVS-adjudicatarios co fin de solventar calquera problema posterior á adjudicación.

-O Concello esixirá e vixiará a calidade das construcións de VPO.

-Facilitarase información no Concello sobre todas as axudas existentes en materia de vivenda.

COMUNICACIÓNS

Contar con vías de comunicación adecuadas é fundamental para potenciar as relacións comerciais da vila co reso da comarca ben como cos concellos limítrofes, cara a poder avanzar na consecución dun desenvolvemento econó-

mico desexado por todos nós.

Tendo en conta que as estradas que atravesan o Concello e nos comunican co exterior dependen de distintas institucións (Estado, Xunta, Deputación) o mesmo que as pistas rurais (Concello, Deputación, Estruturas agrarias), acadarmos unha actuación efectiva que solucione as deficiencias de infraestrutura que padecemos pasa por un cambio radical nas políticas de investimentos que se están a propiciar desde os entes supramunicipais, cun deseño de ordenación territorial vertebrador e integral, no que o papel da «cooperación local» está chamado a ser motor fundamental na corrección dos desequilibrios territoriais e garante dos principios de solidariedade e equidade na distribución de fondos públicos. Neste sentido, consideramos urxente abordar as seguintes iniciativas:

-Demandar da Administración Autonómica a asunción de competencias totais sobre infraestrutura vial galega e cooperación local, coa unificación dos diversos instrumentos hoxe existentes, nun **Plano Único de Equipamentos e Infraestruturas**, atendendo aos seguintes parámetros: déficit en equipamentos mínimos, nivel relativo de renda por habitante, dispersión na estrutura da localización do hábitat.

-Elaboración de Planos de Actuación desenhados nos concellos e organismos comarcais, coa participación de todas as forzas políticas con representación municipal en lugar das estruturas comarcais antidemocráticas que actualmente están poñendo en funcionamento a Xunta (Comarca de Tabeirós-Terra de Montes), demandando da Administración Autonómica o financiamento correspondente dentro dos seus presupostos.

-Nestes Planos de Actuación, fixaranse como obxectivos prioritarios o **ancheamento e mellora do trazado das estradas:** Cerdedo-A Portela, A Estrada-Ponte-Sarandón-Ponte-Ulla, A Estrada-Balboa-Ponteledesma, A Estrada-Ponte-cesures e A Estrada-Vinseiro-Forcarei.

-O BNG comprométese a acometer a mellora das vías interiores do Concello na liña de actuación levada a cabo xa por nós desde a Delegación do Rural no tempo en que formamos parte do Goberno Municipal, dándolle un carácter prioritario ás pistas de comunicación entre parroquias e entre estas e a vila, incrementando a inversión e criando unha equipa de traballo adicada permanentemente á consecución das pistas, coa dotación da maquinaria necesaria para o seu bo funcionamento.

É bo recordar aquí que durante o ano de estancia do BNG á fronte da Delegación do Rural se acadaron importantes melloras como a utilización de aglomerado na pavimentación das pistas, en lugar do rego asfáltico, e chegouse a un nivel de investimento de 130.600.000 pts, mentres que o PP nos tres anos que estivo no goberno só lle dedicou 107.600.000 pts, o que dá unha media de 35.800.000 pts/ano e indica perfectamente o que suporía para o rural a continuación do PP á fronte do Concello

SERVIZOS SOCIAIS

O BNG asume un modelo de Servizos Sociais que sexa instrumento de cambio social, dentro da estratexia da transformación da nosa sociedade cara a unha situación máis xusta, igualitaria, democrática e libre.

Os Servizos Sociais son un dereito fundamental de toda a poboación. Calquera tipo de acción ou programa debe encadrarse nun horizonte global, fuxindo de actuacións sectoriais que non esteñan enmarcadas nun programa que englobe a todas as áreas municipais. Neste campo a nosa actuación municipal será:

-Potenciar o Departamento Municipal de Servizos Sociais, criando unha **Equipa Disciplinar Multiprofesional** que realice estudos e dea alternativas sobre as diferentes problemáticas sociais, podendo actuar en colaboración con outras concellarias.

-Defender perante a administración autonómica a asinatura de convénios, rachando a actual política de subvencións, **a reformulación da RISGA e a esixencia dunha maior participación dos concellos no Consello Galego de Servizos Sociais.**

-Maior apoio aos programas de carácter preventivo, que a miúdo son abandonados polas corporacións.

-Criación dun Servizo Comarcal de Atención a Nenos e Nenas con Discapacidades, en colaboración con concellos viciños, e demandando da Xunta de Galiza o seu financiamento, dotado de persoal e medios, que posibilite a integración social de minúsválidos. Realizará atención individualizada a todos os nenos e nenas con algun tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial-, información ás familias e campañas preventivas.

SANIDADE E CONSUMO

SANIDADE

As competencias do Concello en materia sanitaria son escasas, sen embargo ten unha serie de responsabilidades que non pode eludir; debendo cumprir, cando menos, a lexislación actual vixente.


O goberno municipal debe asumir as seguintes responsabilidades:

- Abastecimento de augas.
- No medio urbano: control sanitario -hixiene, presións, cortes, etc.- para conseguir unha auga da traída en óptimas condicións.

- No medio rural: control sanitario e tratamento gratuitos das augas de traída viciñais. Información sobre tratamento das augas de pozos e minas particulares usadas para consumo humano.

-Saneamento das augas residuais.

-No medio urbano: controlar e correxir o funcionamento das depuradoras de augas residuais. Constatamos, através de estudos de organismos públicos e do propio BNG, o efecto contaminante dos verquidos das depuradoras sobre rios e regueiros



O Goberno do PP chegou a atentar gravemente contra a saúde dos cidadáns vertendo lixo no medio da Estrada

da Estrada. Neste sentido, o BNG apresentou unha moción no 94 para correxir esta contaminación, sen embargo o goberno do PP despreocupouse do tema sen tomar nengunha iniciativa.

-No medio rural: controlar o verquido das augas residuais e acometer o seu saneamento nos núcleos de poboación.

- Control sanitario do matadeiro, industrias, actividades, servizos, transportes e ruidos.

-Control sanitario de edificios públicos e vivendas, especialmente escolas e áreas de actividade físico-deportivas e de recreo.

-Colaborar co Centro de Saúde e outros organismos ou asociacións, en campañas e accións encamiñadas a evitar a enfermidade e promocionar a saúde.

-Demandar diante da administración competente aqueles servizos ou atencións médicas necesarias para a poboación.

CONSUMO

Vivemos nunha sociedade altamente consumista na que a desinformación e indefensión do consumidor é cada día maior. Para paliar, no posíbel, esta situación, propomos:

-Potenciar a Oficina Municipal de Información ao Consumidor, realizando campañas informativas e tramitando as reclamacións dos viciños.

-Fomentar o asociacionismo entre os consumidores e usuarios.

MEIO AMBIENTE

Conscientes da importancia, cada vez maior, que ten a conservación e

mellora do medio ambiente para o noso futuro, propomos as seguintes medidas:

-Resíduos urbanos e industriais.

***Recollida diferenciada de lixo:** papel e cartón para reciclar, pilas, electrodomésticos, escombros. Incrementado-a de forma paulatina, co obxectivo de reciclar todo o que sexa posíbel, e mellorando a recollida de vidro no núcleo urbano e ampliando-a aos núcleos rurais.

***Control do vertedeiro municipal e dos seus vertidos.** As actuacións relacionadas coa manipulación do lixo adaptarán-se á lexislación vixente e irán precedidas dun informe de Medio Ambiente. Evitarán-se condutas perigosas, como os recheos da estación de autobuses e dos terreos da fundación

***Limpeza de vertedeiros incontrolados.** Sanción ao abandono do lixo.

***Dar solución aos residuos que requiran un tratamento especial.**

-Realizar un inventario do noso patrimonio eco-xeográfico e promover actuacións específicas sobre o mesmo.

-Plano de loita contra os incendios forestais. Depois dos últimos incendios, confirmamos que o problema do lume,

a pesar da propaganda da Xunta, está sen resolver.

Propomos promover a creación dun **Servizo Comarcal,** específico para a prevención e extinción, insistindo na repoboación inmediata para a recuperación de zonas queimadas.


-Esixir Estudos de Impacto Ambiental previos ao debate e execución de proxectos a realizar no concello, garantindo a información dos viciños-as.

-Colaborar con asociacións ecoloxistas do municipio. Potenciar campañas de educación medioambiental.

-Defender a estrita aplicación da lexislación medioambiental e, se for necesario, a modificación da mesma sempre nun sentido favorábel ao medio ambiente.

ENSINO

A educación, como servizo público fundamental, debe chegar en igualdade de condicións ao conxunto da sociedade e contribuir á superación de desigualdades de todo tipo. Razón pola que o BNG, fronte á reforma educativa en marcha que prevé a contribución doutras entidades na oferta que os centros fagan, vai defender que o ensino sexa financiado integramente pola Xunta para evitar desigualdades



A extensión da recollida do lixo a todo o rural tamén foi outro logro do Goberno no que participou o BNG. O PP opuxo-se chegando a levar o tema aos tribunais

que se acentuarían en Concellos como o noso, con menor desenvolvemento, capacidade económica, dotación de infraestruturas, e maior dispersión demográfica.

Nesta liña, esixiremos que a Consellaría de Educación se faga cargo do mantimento dos centros de ensino infantil e primario. Non obstante, mentres o Concello conserve esta responsabilidade haberá que:

-Realizar puntualmente o mantemento das instalacións (conservación, limpeza, accesos, etc).

-Garantir os servizos de luz, auga, teléfono, persoal non docente, etc.

-Velar polo adecuado funcionamento do transporte, incluído o universitario.

Co obxectivo de contribuir na mellora do ensino público, o Concello garantirá:

-Unha comunicación directa cos centros de ensino e a asistencia dos representantes municipais aos Consellos Escolares.

-A colaboración cos centros na organización de actividades de renovación pedagóxica e de programas educativos en xeral.

-A ampliación de bolsas de axuda para estudos a libros, residencia, transporte, viaxes e intercambios educativos.

Para adecuar ao ensino ao entorno sócio-económico estradense contribuíndo ao seu desenvolvemento demandaremos:

-Diante da reforma da Formación Profesional coa implantación do ESO, a dotación de módulos profesionais relacionados coa agro-industria, silvicultura e móbel.

-Que se leven adiante as solicitudes que se realicen para que se imparta a totalidade das modalidades de bacharelato contempladas na Reforma e os módulos profesionais máis adecuados.

-Criar, en contacto cos respectivos sectores, bolsas de estudo específicas para capacitación profesional en ebanistería, deseño, forestal e agricultura.

Ademais dos aspectos educativos referidos tamén imos propor:

-Asignación dunha maior partida económica para a Biblioteca Municipal e informatización dos seus fondos.

-Criazón de ludotecas atendidas por persoal especializado e instalación de parques infantís na vila e no rural seguindo as máis estritas normas de seguridade.

MULLER

A situación da muller en Galiza, como dicimos hai catro anos, segue a estar lonxe da igualdade real. O seu papel fundamental é o de esposa-nai, reducida ao ámbito familiar, desprazada da vida social e política, ocupando os postos de menor responsabilidade, e, aínda, sofrendo agresións sexuais. A muller continua a realizar unha dobre xornada laboral, vendo-se obrigadas a asumir as responsabilidades domésticas e familiares coa ausencia de servizos comunitarios que alivien a súa carga e sen axuda



Fina, Concelleira do BNG puxo en marcha a Concellaría da Muller. O PP non tiña nen sequer mulleres para continuar a laboura

por parte dos restantes membros da familia. Hoxe esta situación está agravada pola forte crise que atravesamos o campo e pola política da Xunta do PP que fomenta e reforza a función familiar da muller.

Frente a isto, na lexislatura que remata, co acceso do BNG ao goberno municipal, deron-se n'A Estrada pasos importantes no camiño emancipador: criou-se a Concellaría da Muller. Mais este labor ficou interrompido pola moción de censura e posterior goberno do PP. Aínda así, continuou funcionando o Servizo Xurídico, con máis de 100 casos atendidos desde a súa creación en outubro do 91; máis ficaron sen realizar os restantes proxectos que a Concellaría da Muller puxera en marcha.

As accións que no BNG queremos desenvolver durante estes catros próximos anos no camiño de construír unha sociedade máis xusta e igualitaria entre homes e mulleres son:

-Restabelecimento da Concellaría da Muller, con asignación económica e persoal específico, tal e como aparecía nos Orzamentos de 1992.

-Constitución do Consello Municipal da Muller, de carácter consultivo e con representantes de grupos, asociacións de mulleres e feministas.

Dotación de servizos:

*Guardería (ou escola) infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos. Xestionou-se perante a Xunta en marzo do 92 a súa construción, paralizada polo PP dentro da súa política de redución de servizos sociais.

*Servizo de canguros

*Casa da Muller, que integrará os seguintes servizos: servizo xurídico, xa existente; orientación sexual, en colaboración cos Centros de Saúde, asistencia social e servizo de acollida; centro de documentación e investigación; realización de campañas: coeducación, corresponsabilidade no traballo doméstico, maus tratos, 8 de marzo; realización de cursos, talleres, programas; fomento de grupos de traballo e de expresión.

-Xestión perante o SERGAS para a dotación da especialidade de Xinecoloxía n'A Estrada.

-Garantir a non discriminación sexual na contratación de persoal e promoción a postos de maior responsabilidade.

-Tomar as medidas xurídicas pertinentes para evitar o uso da imaxe da muller-obxecto por parte de empresas de publicidade e en xeral.

MOCIDADE

É unha evidencia o feito de que a mocidade é un dos grupos sociais máis desatendidos desde o Goberno do Concello da Estrada. Non hai unha acción coherente nen global, nen tan sequer parcial á que poidamos referirnos. Nen momento en que sobre nós pesan moitos dos males da nosa sociedade cos índices multiplicados (o máis alto paro, precárias condicións laborais, pouca participación nas decisións, e particularmente nas que a nós nos atinxen...) non hai peor delito que o absentismo.

Das poucas luces, ou das poucas ganas, temos mostras no nulo respecto e potenciación do asociacionismo, puntal sobre o que se asenta a participación da mocidade na sociedade, do desastre organizativo e no caciqueo da Escola de Formación Ocupacional, onde se dilapidan moitos millóns de pesetas e non precisamente a causa da calidade do ensino e dos servizos ao alumando, no peche da Escola Taller, na inexistente política de infraestruturas...cando desde o Concello se podería actuar con eficacia para mellorar moitos aspectos da nosa situación.

No BNG consideramos que os mozos e as mozas, ademais de existir, cousa que hai quen esquece, debemos ter o protagonismo que nos corresponde, polo que imos desenvolver unha política participativa na que se conte con nós, na que se atendan aqueles temas que máis nos preocupan (participación nas decisións, emprego, drogodependencias, a situación do ensino, antimilitarismo, cultura...) e, sobre todo, na que nunca se caia na elipse do esquecemento ou da acción raquílica, clientelista no referido a nós.

Por isto, propomos:

-Criazón dunha Concellaría da Mocidade que traballando en estreito contacto coa mocidade, coas asociacións e con outras instancias, desenvolva políticas positivas ante os problemas que plantexemos.

-Campañas específicas sobre asuntos de máximo interese:

*Insubmisión e obxección de conciencia, dar información sobre os dereitos, e non só sobre os deberes da Prestación Social Substitutoria e o Servizo Militar Obrigatorio, enmarcado nunha política solidaria cos insubmisos e a favor dunha reforma da LOC.

*Sexualidade

*Drogodependencias

-Dotar á Estrada dunha Casa da Xuventude, un espazo de servizos e de expansión xestionada pola mocidade en colaboración co Concello.

-O fomento do asociacionismo mozo, canle da participación da mocidade en asuntos públicos e na política local cara á mocidade que xere a posibilidade de que mozos e mozas traslademos as nosas inquedanzas e elaborem alternativas.

-Pular pola criazón do Consello da Mocidade Estradense no momento en que o asociacionismo mozo así o requira, que será un foco orientador fundamental para a política da Concellaría da Mocidade.

-Unha activa información xuvenil que coordene e canalice a in-

formación doutras institucións e que traballe en colaboración con outros organismos e co tecido asociativo existente para atender a temas como o asociacionismo, cuestións legais, emprego, bolsas e outros.

-Política de infraestruturas que teña como finalidade a participación activa de mozos e mozas na sociedade. Neste senso, propomos que o Concello poña todo da súa banda para a criazón de infraestruturas e a habilitación doutras hoxe desaproveitadas, que posibiliten o noso acceso á cultura e a nosa propia acción como axentes culturais.

-Pular pola calidade do ensino público, particularmente alí onde se pode decidir un futuro laboral cercano. Potenciar a mellora e a actualización dos ensinos técnicos así como a súa diversificación tendo en conta as futuras posibilidades laborais (madeira, informática, etc.).

-Posta en funcionamento da Escola-Obradoiro, buscando nela unha formación integral e diversificando tamén a súa oferta para atender a sectores e temas que están a ter papel cada vez máis destacado: reciclados de materiais (vidro, papel...), informática, novas tecnoloxías...e que poden supor unha alternativa económica para o alumnado. Propomos que o Concello apoie as iniciativas empresariais que poidan saír desta formación, particularmente aquelas que poidan prestar un servizo público.

CULTURA

¿U-la cultura na Estrada? ¿Cantas iniciativas culturais levou adiante o Concello da Estrada nestes anos? Sequera... ¿cantas iniciativas dinamizadoras do movemento cultural promovèu a Concellaría entre os e as estradenses? Só uns poucos exemplos serven para ilustrar un panorama cada vez máis sombrío:

O PRÉMIO GARCIA BARROS, estandarte da política cultural do PP, dotado na edición deste ano con 2 millóns de pesetas (e un bo xantar), centraliza todos os esforzos normalizadores da equipa de goberno.

Festas populares: Son «festas» mais cada vez menos. O Entroido esmorece ano a ano, convertíndose cada vez máis nunha festa desarraigada, nada popular e mesmo aburrida. Nas Festas Patronais, os cartos... para foguetes.

Infraestruturas: Vai ter que caer o Teatro Principal para que ese espazo volva ser utilizado (xa escoitamos moitas promesas). Na ¿Casa da Cultura? métese de todo (ensaios musicais, Biblioteca, Protección Civil...) sen moito criterio.

Van de paseo algúns a conta do Grupo Municipal de Danza...

E así poderíamos seguir, mais o BNG, como alternativa ao goberno do Concello da Estrada ten unha serie de propostas encamiñadas a remediar no posíbel esta situación e que teñen como guía unha idea básica: DINAMIZAR E PROMOVER AS INICIATIVAS CULTURAIS ENTRE OS GRUPOS E VICIÑOS/AS NUN MARCO DE COLABORACIÓN DEMOCRÁTICO, E LEVAR ADIANTE PROXECTOS CULTURAIS TENDEN-

TES A RECUPERAR E INVESTIGAR ASPECTOS SÓCIO-CULTURAIS DO NOSO POVO.

Por todo iso propomos:

-Atribución para Cultura dunha porcentaxe digna do orzamento anual do Concello.

-Dinamización do Asociacionismo no eido cultural e colaboración coas entidades xa existentes, tanto no rural como na vila.

-Criazón, cando as condicións o permitan, dun Consello Municipal da Cultura, con representación e participación democrática das Asociacións.

-Racionalización do uso e utilización da Casa da Cultura e do Pazo de Congressos e Exposicións.

-Criazón dun Centro de Recursos de apoio, tanto a iniciativas artísticas e culturais como ás Asociacións.

-Manter o Premio Garcia Barros, mais adicando en anos alternos a súa dotación a traballos de investigación da figura do noso escritor e de outros/as escritores/as do noso Concello, ou mesmo de aspectos etnográficos, culturais, etc, do povo estradense.

-Criazón dun Servizo de Publicacións Municipal para dar difusión aos proxectos culturais e de investigación que se realicen na bisbarra.

-Posta en marcha definitiva do Museu Municipal.

-Dinamizar e apoiar a prensa escrita de carácter local e contribuír a que a Rádio Municipal sirva de canle de expresión das inquedanzas culturais dos/as estradenses.

-Protexer e promocionar as festas, romarías e manifestacións culturais e tradicionais de cara á potenciación da nosa cultura, gastronomía, música, aspectos turísticos, etc (Rapa das Bestas, Romarías tradicionais, Festa do Labrego...) Asimesmo, trataremos de promover a participación popular na organización das mesmas (Antroido, Magosto, San Xoán...).

-Nas Festas Patronais e Parroquiais buscarase non chegar a un despilfarro tal como vimos nestes anos, tratando de promocionar nelas aspectos culturais propios, por suposto máis baratos. Apoio e colaboración neste sentido ás Festas Parroquiais no rural.

DEPORTES

O BNG entende o deporte como unha actividade social da que toda a cidadanía, independentemente da idade, capacidade física ou técnica, temos dereito a disfrutar. O concello debe garantir a realización deste obxectivo e baseará a súa actuación no fomento da xestión indirecta por vía do tecido asociativo da localidade, complementando coa acción indirecta do Concello en actividades que lle sexan propias, como é a dotación en infraestruturas, e que concretamos nas seguintes propostas:

-Criazón de Consellos Deportivos, integrados por entidades de carácter deportivo (clubes, asociacións, colexios, etc) que asesoren ao Concello na realización de programas.

-Realización de concertos que permitan dar apoio aos clubs federados da Estrada, esixindo como

El Progreso

LUGO, miércoles, 29 de marzo de 1995 — Año LXXXV — N.º 27.873 — Fundado en 1908 por el Sr. D. Placencio de Cuna y Misa Villaverde — PRECIO 100 PTAS.

13 Cacharro cree que se intenta boicotear a los catamaranes

El presidente de la Diputación de Lugo este convencido de que "determinados grupos o individuos" pretenden boicotear las rutas de los catamaranes.

Forrest Camp y Tom Hanks, triunfadores de los Oscar

CAMPUS

• Denuncian que se discrimina a una...

Garabolos, posible sede de la Escola de Seguridade

El alcalde de Lugo, Tomás Notario Vacas, aprovechó ayer una visita al nuevo parque de bomberos, que se está construyendo en el antiguo cuartel de Garabolos, para proponer al secretario general de Protección Civil, José Luis Aboal, la ubicación en las citadas instalaciones de la sede central de la Academia Galega de Seguridade.

La sede de la Academia Galega de Seguridade podría ubicarse en Lugo

El nuevo parque de bomberos, que se inaugurará en abril, dispone de las instalaciones necesarias para acoger el nuevo parque de bomberos de Lugo, podría ser la sede central de la Academia Galega de Seguridade. Ayer, durante una visita a las instalaciones, el alcalde, Tomás Notario Vacas, presentó esta propuesta al secretario general de Protección Civil, José Luis Aboal.

Redacción

El remodelado cuartel de Garabolos, cuya inauguración oficial se celebrará a finales de marzo, se convertirá en uno de los mejores parques de bomberos de Galicia y será uno de los diez con instalaciones más completas de todo el país, según indicaron ayer expertos en la materia. La inversión total del proyecto de remodelación supera los doscientos millones de pesetas.

En los primeros días de abril la empresa Agrómex entregará provisionalmente al Ayuntamiento de Lugo y a finales de mes se inaugurarán las instalaciones.

Ayer, el alcalde, Tomás Notario Vacas, y el concejal de Seguridade, José Manuel Castro, acompañaron al director general de Protección Civil, José Luis Aboal, y al delegado José Luis de Presidencia, Alfredo Sánchez Carro, en una visita a las instalaciones que se encuentran ya prácticamente terminadas y con parte de su mobiliario. Aprovechando el recorrido por el nuevo parque de bomberos, el alcalde planteó a Aboal el interés del Ayuntamiento por conseguir que la sede central de la Academia Galega de Seguridade se ubique en el cuartel de Garabolos.

En opinión de Notario, el nuevo parque de bomberos dispone de las mejores instalaciones de Galicia para acoger este organismo autonómico, por lo que hay muchas posibilidades de que este proyecto llegue a materializarse.

La remodelación del parque de bomberos ha costado más de doscientos millones, financiados por la Administración central, Xunta y Diputación.

En la planta baja del edificio se encuentra el gimnasio, que dispone ya de aparatos; duchas y servicios; la central telefónica y de megafonía; el laboratorio, con sistemas para recargar las botellas de oxígeno y desinfectar equipos; taller y sala de actos.

En el primer piso están las habitaciones, con dependencias separadas para hombres y mujeres, la biblioteca, diversos despachos, el comedor y la cocina, las dependencias del servicio de Seguridade, el despacho del concejal delegado y la sala de juntas.

La segunda planta está dividida en dos zonas. En una se instalará el área de Protección Civil y en la otra la Academia Galega de Seguridade. Finalmente, en la tercera planta del torreón se instalarán las dependencias de Cascos, un centro de comunicaciones para casos de emergencia.

Como complemento a las instalaciones se ha construido una torre de pruebas con una fachada de nueve plantas y terraza. Cada una de los pisos tiene una fachada distinta para que los bomberos puedan entrenarse y mejorar su capacidad de actuación según las características del edificio en el que tienen que intervenir.

En un bloque contiguo, el parque dispone de una cámara de humos, con un laberinto de rejillas y un sistema que permite seguir desde un centro de control el desarrollo de las pruebas que realizan los bomberos. Esta cámara dispone de un sistema de detección de movimientos en el interior del laberinto y de cámaras para actuar de forma inmediata en el caso de que alguno de los bomberos de que alguno de los bomberos...

Academia Galega de Seguridade: ¿Chegará a instalarse na Estrada a Academia Galega de Seguridade? Nós dubidamos aquí aínda non se dispón de terreos e en Lugo xa están as instalacións feitas ademais a Sede da AGS está incluída na cota de contrapartidas que Cacharro esixe a Cuiña a cambio do apoio da súa dandidatura á sucesión de Fraga

contrapartida apoio técnico e organizativo ás actividades de carácter municipal, cara á criazón de Escolas Deportivas e competicións que permitan a promoción do deporte de base.

-Desenvolvimento de programas deportivos en idade escolar que permitan iniciar a práctica deportiva temperá, cun carácter formativo, lúdico, non discriminatório e de relación.

-Apoio á práctica deportiva de carácter recreativo, popular, de relación social e de recuperación funcional (terceira idade, rehabilitación, mantemento de adultos, etc.)

-Promoción dos deportes autóctonos.

-Organización de cursiños para

formar dinamizadores deportivos que, nos distintos niveis, permitan levar a cabo ás actividades propostas.

-Política de subvencións na que se tome como referencia principal a promoción do deporte de base.

-Descentralización da actividade deportiva, regulando a utilización das instalacións dos coléxios do rural.

-Mellorar a infraestrutura deportiva municipal, fixando como obxectivos a curto prazo o encerramento lateral e iluminación do frontón, construción dunha pista de atletismo e dotación de instalacións deportivas ás parroquias máis distanciadas da vila e dos centros escolares do rural.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Desde unha institución como o Concello pódense dar importantes pasos para acadar a plena normalización do uso do noso idioma, tanto coa oficialización total do seu uso na institución municipal como cunha política orientada a promoverlo naqueles sectores onde aínda non está presente, pese a ser de uso maioritario por parte da poboación estradense.

O goberno municipal nacionalista aprobará e porá en práctica un Plano de Normalización Lingüística para o Concello da Estrada que, entre outras, recollerá as seguintes accións:

-Creación dun Servizo Municipal de Normalización Lingüística, onde estará representado o asociacionismo cultural, os departamentos de lingua galega dos centros de ensino estradenses, ben como os responsábeis municipais de Cultura. A súa función será elaborar, asesorar e supervisar as liñas de actuación do Plano de Normalización Lingüística, ben como levar a cabo campañas propias ou apoiar as realizadas por asociacións ou organizacións e que teñan como obxectivo a normalización, dignificación e promoción do uso do galego.

-Cumprimento inmediato por parte do Concello da Lei aprobada polo Parlamento na que se decreta a galeguización total da vida municipal.


-Impulso ao aperseizamento no uso do galego oral e escrito entre os funcionarios municipais ben como inculcación da obrigatoriedade de coñecemento do galego a nivel escrito e oral nas probas para o acceso á función pública local en calquera das súas modalidades.

-Restauración da toponimia local, procedendo á rotulación identificativa dos lugares, parroquias, accidentes xeográficos e monumentos artísticos, ben como dos nomes de ruas, prazas e avenidas. Para estes efectos, o Servizo Municipal de Normalización Lingüística realizará un estudio, asesorado por linguistas, historiadores e especialistas no tema, que será presentado para a súa aprobación polo Pleno.

-Posta en marcha de medidas de redución fiscal e asesoría para a actualización do uso do galego no sector comercial, hostaleiro, empresarial, etc.

-O Concello dirixirase ós servizos oficiais non municipais que actúen no municipio (Correos, INEM, Facenda, etc) e ofrecerá-se como mediador para a súa normalización, poñendo á súa disposición o Servizo Municipal de Normalización e instará á correcta utilización da toponimia local a entidades públicas e privadas.


-O Concello da Estrada insertará anuncios publicitarios e apoiará os medios de comunicación que empreguen maioritariamente o noso idioma, tanto de ámbito local como nacional. Así mesmo, definirá os medios de comunicación municipais (rádio, TV, etc) como impulsores e dinamizadores do uso do galego, artellando desde estas campañas de dignificación e promoción do uso do galego.



1. Manuel A. Rendo Lema
Carpinteiro. Portavoz do Grupo
Municipal do BNG, *A Estrada*



6. Xoán Carlos Garrido Couceiro
Licenciado en Filosofía.
A Estrada




15. Manolo Blanco Casals
Avicultor.
A Estrada



20. Xavier Camba Sanmartín
Profesor de Ensino Secundário.
Ouzande.



2. Gonzalo Constenla Bergueiro
Profesor de Universidade da Escola
Oficial de Idiomas de Vigo. *A Estrada.*



7. Maribel Ruiz Ferro
Licenciada en Ciencias Económicas.
Empregada de Banca. *Couso*



11. Xosé Luís Martínez Torres
Técnico de mantemento de
maquinária. *San Miguel de Castro.*



16. Roberto Vilameá Puente
Xerente do Consello da Xuventude
de Galiza. *Berres.*



21. X. Manuel Maceira Fernández
Profesor de Ensino Secundario e
Escritor. *Orazo.*



3. Lois Bouzas Millán
Profesor de Ensino Secundario.
Cereixo.



8. Carlos Villamayor Martínez
Traballador do sector da madeira.
Riobó



12. Isabel Trigo Otero
Labrega.
Riveira.



17. Xavier Serantes Garcia
Funcionario.
Pardemarin.



22. Mª Xosé Vizoso Saborido
Auxiliar de Clínica do Centro de
Saúde da Estrada. *A Estrada.*



4. Marcelo Vidal Garcia
Profesor de Ensino Secundario.
Curantes.



9. Xoán Carlos Castro Blanco
Empregado de Telefónica.
Guimarei.



13. Carlos López Salgado
Licenciado en Bioloxía. Mestre de
Nigoi. *Nigoi.*



18. Luís Rivadulla Fernández
Comerciante.
Calobre



23. Xosefina Pereira Rivas
Mestre de Montillón. Concelleira do
BNG. *A Estrada.*



5. Carme Vilas Iglesias
Licenciada en Bioloxía. Profesora de
Ensino Secundario. *Tabeirós.*



10. Xosé Vicente Vicente
Autónomo da Hostelería.
Tabeirós



14. Manuel A. Goldar Matalobos
Transportista.
Vinseiro.



19. Sonia Sánchez Muñoz-Redondo
Licenciada en Filosofía.
A Estrada.



24. Xosé Manuel Paz Vidal
Gandeiro. Concelleiro do BNG.
Olives